



GRUPO PROVINCIAL

G-32014003

bng@depourense.es

Bernardo Varela López, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte **moción polo dereito a nacer, traballar e morrer na Provincia de Ourense dignamente.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Escribía fai uns días un contador de historias, do xornal provincial por exceléncia, que o problema real do que está a acontecer co paritorio de Ourense non é o feito en si, mal xustificado cun informe técnico. Senón máis ben a grave enfermidade (dicía él a metástases) que está detrás, a despoboación.

Estamos ante unha provincia en estado comatoso, as cifras retratan unha provincia que vai camiño de non ser. Unha provincia onde desapareceron nos últimos 39 anos 120.000 habitantes, mais do 30% da súa poboación actual. Cunha redución anual no período 2012 a 2019 de 3.500 cidadáns/ano. A provincia que ten situados a 32 dos seus 92 Concellos nos últimos postos a nivel galego por ratio de persoas cotizantes fronte a xubilados. Onde o ritmo de nacementos nos dez primeiros meses do ano 2017 foran 1606, no 2018 só acadaron 1422 e no 2019 quedaron en 1177 bebés. Un ritmo de decrecemento do 20% anual e medrando, o que confirmaría as desafortunadas verbas do Xerente da Área Sanitaria de Ourense que situaba ás mulleres da nosa provincia parindo en Vigo, cando baixemos da mítica cifra dos 800 nacementos, que a este ritmo non será mais alá dos 5 anos.

Falaba outra profesional doutro medio de comunicación con ampla implantación na provincia, que esta parece a casa que un abandona, da que se van quitando móbeis, de xeito que nalgún momento non hai onde sentarse. Onde incluso se permitiu, que no canto de servizos pediátricos e xinecolóxicos pasáramos a precisar coidados paliativos. Verbas que reflexan a realidade desta provincia.

Os Señores e Señoras do Partido Popular e os que agora os acompañan deberán facer conta de cara onde nos levan coas súas políticas. De non ter conseguido a pesares de todos os seus observatorios e fondos públicos investidos que as empresas aposten por Ourense, nen en Termalismo nen en nengunha outra actividade. Non teñen conseguido que a xente nova aposte por asentarse aquí o seu fogar cunha desoladora cifra de 35.000 mozos menos en 10 anos. Fiel reflexo dunha taxa de actividade do 47,41 %, fronte ó 57,1 % de media do Estado e aloxándonos da provincia de Zamora que nos antecede neste triste escalafón.

En debates previos, coa presenza do Vicepresidente desta institución e os voceiros dos demais partidos representados, falamos de cal é a solución á despoboación. E como avanzamos no debate dende o punto de vista do BNG non fan falla sesudas análises, a xente quere traballo e servizos.

O éxodo rural que padece Galiza en xeral, e a provincia de Ourense en concreto, non dá lugar a un crecemento das urbes do noso país, se non a procesos migratorios agravados polos efectos dunhas políticas que fomentan a concentración poboacional no Estado e unha Deputación máis interesada en manter a súa estrutura electoral que en fixar poboación no territorio. Así o 17% dos habitantes do Estado concentran o 30% dos recursos que o Estado concede aos concellos, e que os concellos turísticos de menos de 20.000 habitantes non teñan ningunha axuda do Goberno das que si disfrutan os de máis desta cifra. Tamén é significativo o modelo de financiación que a Deputación de Ourense mantén de cara aos concellos da provincia. Unha xestión que só dá lugar a unha sangría poboacional coñecida xa como “a Galiza minguante”

Xa basta de discriminacións na distribución de fondos, isto vale tamén para a Deputación Provincial e os Concellos da provincia. É hora de que apostemos por inversións produtivas que poñan en valor as inmensas potencialidades que esta provincia posúe, tamén os tempos son chegados de exixir que se respeten e melloren os servizos públicos que na maioría dos casos estamos a sufrir máis que a disfrutar. Isto é o que pode supoñer un revulsivo para o noso territorio e a súa minguante poboación.

Por todos estes motivos os grupos políticos da Corporación da Deputación de Ourense, adoptamos os seguintes acordos.

#### **ACORDOS:**

1º A Deputación Provincial de Ourense exige á Xunta de Galiza o compromiso de manter e reforzar todos e cada un dos Servizos Públicos que son da súa competencia, concretamente nos ámbitos sanitario, da mobilidade, educacional, da dependencia, xustiza, agrogandeiría, ... Como único xeito válido de amosar o seu respaldo á nosa cidadanía.

2º A Deputación Provincial de Ourense exige ao Goberno de España, unha financiación xusta e equitativa para as súas entidades locais con regras obxectivas que teñan en conta a dispersión poboacional e o avellentamento, como criterios para a dotación de servizos. E como lle require estes criterios de equidade ao Estado comprométese a aplicalos para cos seus propios recursos.

3º A Deputación Provincial de Ourense comprométese a elaborar coa colaboración de todos os Grupos Políticos e os seus amplos recursos técnicos, un verdadeiro Plan de desenvolvemento Provincial que se fixe como obxectivo prioritario a captación de empresas que xeren postos de traballo e especialmente daquelas que poñan en valor os inxentes recursos dos que dispón o noso territorio.

En Ourense a 4 de decembro de 2019.

Asdo: Bernardo Varela López

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**